

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución de inscripción no Rexistro e publicación do convenio colectivo de limpeza industrial da empresa Jofrasa, S.A. Centro de traballo de Endesa-As Pontes

Visto o texto do convenio colectivo de LIMPEZA INDUSTRIAL DA EMPRESA JOFRASA SA CENTRO DE TRABALLO DE ENDESA-AS PONTES (código 15004082012004), que subscribiu a comisión negociadora con data do 23 de marzo de 2016, de conformidade co disposto no artigo 90, números 2 e 3, do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, esta Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria

RESOLVE:

1.º.-Ordenar a súa inscripción no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 18 de outubro de 2016.

O xefe territorial

Isidoro Martínez Arca

CONVENIO COLECTIVO DE LIMPEZA INDUSTRIAL DA EMPRESA JOFRA, S.A. NO CENTRO DE TRABALLO DE ENDESA-AS PONTES

www.cigservizos.org

Artigo 1.º.-Ámbito funcional

Artigo 2.º.-Ámbito temporal

Artigo 3.º.-Vinculación á totalidade

Artigo 4.º.-Absorción e compensación

Artigo 5.º.-Comisión paritaria de interpretación

Artigo 6.º.-Xornada laboral

Artigo 7.º.-Retén de garda

Artigo 8.º.-Vacacións

Artigo 9.º.-Licenzas retribuídas

Artigo 10.º.-Salario base

Artigo 11.º.-Antigüidade

Artigo 12.º.-Pagas extraordinarias

Artigo 13.º.-Participación nos beneficios

Artigo 14.º.-Plus de actividade

Artigo 15.º.-Plus de transporte e distancia

Artigo 16.º.-Plus de nocturnidade

Artigo 17.º.-Plus tóxico, penoso e perigoso

Artigo 18.º.–Plus de instrumentación
Artigo 19.º.–Plus de central
Artigo 20.º.–Plus de pistola
Artigo 21.º.–Plus de varredora e outros pluses
Artigo 22.º.–Traballos especiais e paradas programadas
Artigo 23.º.–Horas extraordinarias
Artigo 24.º.–Axuda de comida
Artigo 25.º.–Dietas
Artigo 26.º.–Pago de salarios
Artigo 27.º.–Organización do traballo
Artigo 28.º.–Traballos de superior grupo profesional
Artigo 29.º.–Promoción
Artigo 30.º.–Seguro colectivo
Artigo 31.º.–Anticipos
Artigo 32.º.–Incapacidades
– 32.1.–Abono incapacidade temporal por E.C. ou A.T.
– 32.2.–Incapacidade permanente
Artigo 33.º.–Roupa de traballo
Artigo 34.º.–Xubilación
Artigo 35.º.–Préstamos reintegrables
Artigo 36.º.–Garantías sindicais
Artigo 37.º.–Cota sindical
Artigo 38.º.–Asembleas
Artigo 39.º.–Emprego
Artigo 40.º.–Revisión salarial
Artigo 41.º.–Seguridade e hixiene
Artigo 42.º.–Condicións máis beneficiosas
Artigo 42.º.–Clasificación profesional
Cláusula adicional primeira
Cláusula adicional segunda
Cláusula adicional terceira
Beneficios sociais
Táboa salarial

ARTIGO 1.–ÁMBITO FUNCIONAL.

O presente convenio colectivo será de aplicación ao persoal de Jofra, S.A., adicado á limpeza industrial da central térmica de ENDESA en As Pontes, sendo negociado polo representante dos/as traballadores/as (delegado de persoal) e a Dirección da empresa.

Para que Jofra, S.A. poida competir con outras empresas do sector e obter outras fontes de ingreso adicionais que contribúan á súa boa marcha económica e garantir a viabilidade da empresa facilitando a estabilidade e o mantemento dos postos de traballo, exclúense do ámbito funcional do presente convenio o persoal novo que fora contratado para desenvolver tarefas de limpeza industrial co gallo das paradas de revisión de grupos, que se rexirán polo Convenio Provincial de Limpeza de Edificios e locais da Provincia de A Coruña.



No suposto de que o persoal contratado para a limpeza de mantemento intervira en traballos de paradas de revisión de grupos, respetaráselles as condicións pactadas no presente convenio participando este persoal co mesmo criterio empregado en paradas anteriores.

ARTIGO 2.-ÁMBITO TEMPORAL.

O convenio terá unha vixencia dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2017.

Quedarán automaticamente denunciados a partir do día 1 de novembro de 2017.

Será prorrogado en todos os seus conceptos en tanto non se logre un acordó expreso nas novas negociacións.

ARTIGO 3.-VINCULACIÓN Á TOTALIDADE.

As condicións establecidas no presente convenio, forman un todo orgánico indivisible e a efectos da súa aplicación práctica serán consideradas globalmente en cómputo anual, sen que caiba a aplicación illada dalgunha das súas partes, sen prexuízo do establecido no artigo 82.3 do ET.

ARTIGO 4.-ABSORCIÓN E COMPENSACIÓN.

As retribucións establecidas no presente convenio, compensan e absorben todas as existentes ata o momento da súa entrada en vigor, calquera que sexa a natureza ou a orixe das mesmas.

Os aumentos de retribucións que poidan producirse no futuro por disposicións legais de xeral aplicación, só poderán afectar ás pactadas no presente convenio cando, consideradas en cómputo anual, superen a estas.

En caso contrario, serán absorbidas ou compensadas por estas últimas, subsistindo o presente convenio nos seus propios termos e sen modificación algunha nos seus conceptos, módulos e retribucións.

ARTIGO 5.-COMISIÓN PARITARIA DE INTERPRETACIÓN.

Para a correcta interpretación e vixilancia do convenio, así como para as demais funcións aquí establecidas e as atribuídas polo ET, crearase unha COMISIÓN PARITARIA DE INTERPRETACIÓN formada polo Delegado de Persoal e a representación da empresa que tomaron parte nas deliberacións, podendo integrarse novos delegados/as de persoal ou do comité de empresa, no caso de que por aumentar o número de traballadores/as aumentase o número de representantes legais, incrementándose no mesmo número a representación empresarial.

En orde aos procedementos de actuación da comisión paritaria, establécese o seguinte:

Ambas as partes poderán contar coa presenza de asesores.

A comisión será presidida por quen a mesma designe en cada sesión, tendo en conta que o cargo recaerá unha vez en cada unha das dúas representacións.

Calquera interesado na interpretación ou aplicación do convenio poderá solicitar a convocatoria da comisión paritaria a medio de escrito dirixido a calquera dos seus integrantes, facéndose constar o obxecto de tal convocatoria.

A salvo o disposto con relación ao procedemento de inaplicación das condicións de traballo previstas no convenio, a comisión reunirse no prazo máximo de quince días dende a súa convocatoria e cantas veces sexa mester para resolver os problemas referentes á aplicación e interpretación do convenio, debendo emitir ditame no prazo máximo dun mes salvo que as partes, de común acordo, decidan prorrogar este prazo.

As resolucións da comisión terán carácter vinculante.

En caso de discrepancia, calquera dos integrantes da comisión poderá solicitar o sometemento da discrepancia ao procedemento de conciliación e mediación previsto no Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), estando obrigados o resto das partes para aceptar tal procedemento. A maiores, as partes poderán acudir ao procedemento de arbitraje prevista en tal Acordo Interprofesional sempre que todas as partes manifesten a súa conformidade para someterse ao mesmo.

Así mesmo a comisión regulada no presente artigo será a encargada de liquidar as discrepancias que poidan xurdir para a inaplicación das condicións de traballo ás que se refire o artigo 82.3 do Estatuto dos Traballadores, dispoñendo neste suposto dun prazo máximo de sete días para pronunciarse. En caso de discrepancia da comisión nesta materia, as partes deberán recorrer aos procedementos que se establecen no Decreto 101/2015, do 18 de xuño, polo que se crea a Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos e se regula o seu funcionamento (DOG 22.07.2015).

ARTIGO 6.-XORNADA LABORAL.

A xornada laboral será de 38 horas semanais de traballo efectivo, distribuídas do seguinte xeito:

– XORNADA CONTINUADA: luns a mércores, de 7.00 a 15.00 horas. Xoves e venres, de 7.00 a 14.00 horas.

– XORNADA PARTIDA: luns a mércores, de 8.30 a 13.15 e de 14.45 a 18.00 horas. Xoves e venres, de 8.30 a 13.15 e 14.45 a 17.00 horas.

O persoal en xornada partida pasará a xornada continuada durante o período de 15 de xuño a 14 de setembro.

O persoal a xornada continuada disporá de 20 minutos de descanso para bocadillo que terá a consideración de tempo traballado.

Os traballadores afectados polo presente convenio, disporán de 15 minutos á saída do traballo para asearse.

Se durante a vixencia deste convenio se reducise a xornada semanal de ENDESA (As Pontes), e sempre que esta non sexa inferior a 37 horas semanais, adaptaríase a xornada en base a tal redución.

ARTIGO 7.-RETÉN DE GARDA.

Os sábados, domingos e festivos haberá un retén de persoal de garda, nomeado pola empresa, caso de non existir voluntarios suficientes, con horario de 7.00 a 13.00 horas e descanso en luns e martes.

Por cada sábado, domingo ou festivo traballado percibirán unha prima segundo táboa salarial anexa, aínda que poderán optar por percibir a prima e dous días de descanso ou só tres días de descanso. O terceiro día de descanso cobrarase da mesma forma que un dos outros dous.

ARTIGO 8.-VACACIÓNS.

Todo o persoal gozará dunhas vacacións anuais retribuídas de 32 días naturais. Os maiores de 50 anos gozarán de 33 días.

Estas vacacións distribuiranse de tal xeito que en todo momento estean traballando na C.T. As Pontes un mínimo de 17 persoas (60% do persoal).

A retribución será a do salario real correspondente á xornada ordinaria, exceptuando os pluses de distancia e transporte.

A empresa e a representación dos/as traballadores/as confeccionarán un calendario de vacacións no que o disfrute das mesmas realizárase entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, de xeito rotatorio, seguindo esta orde: xuño-xullo, xullo-agosto e agosto-setembro. Antes do 15 de abril farase pública no taboleiro de anuncios a relación definitiva das quendas.

En calquera caso hai a posibilidade de permuta das datas de disfrute entre os/as traballadores/as, sempre que non haxa problemas de tipo organizativo.

Se coincidise o período de disfrute pactado de vacacións cunha situación de incapacidade temporal derivada de accidente de traballo ou enfermidade profesional, sinalárase un novo período de disfrute entre empresa e traballador/a.

Naqueles casos en que a petición do/a traballador/a a empresa acceda ao disfrute de vacacións fraccionadas fóra do calendario establecido, e tendo en conta que os días son naturais, contabilizaranse de tal xeito que cando se disfruten 3 días considerados laborais engadírase outro e cando se disfruten 5 días considerados laborais engadíranse outros 2.

Os/as traballadores/as que se incorporen á empresa ao longo do ano gozarán a parte proporcional de vacacións que lles correspondan.

Obrigatoriamente disfrutáranse dentro do ano natural, non podendo ser compensadas en metálico nin acumuladas para anos sucesivos.

ARTIGO 9.-LICENZAS RETRIBUÍDAS.

Sen prexuízo do disposto no artigo 37 do Estatuto dos Traballadores, o/a traballador/a, avisando coa debida antelación e posterior xustificación, terá dereito a licenzas retribuídas nos seguintes supostos:

a) 15 días naturais en caso de matrimonio. Asímlase a esta situación a parella de feito, que se acreditará mediante certificación.

b) Cinco días por accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise reposo domiciliario de familiar de primeiro grao. Asímlase a primeiro grao a parella con quen se conviva, que se acreditará mediante certificado de empadramento.

c) Cinco días por falecemento de familiar en primeiro grao.

Dous días por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise reposo domiciliario de familiar en segundo grao. Cando por tal motivo o/a traballador/a precise facer un desprazamento ao efecto, superior a 200 quilómetros, o prazo será de catro días.

Un día por falecemento de familiar en terceiro grao.

d) Seis días por nacemento de fillo.

- e) Un día por traslado de domicilio habitual.
- f) Ao goce dos permisos necesarios para concorrer a exames, cando se cursen estudos para a obtención dun título académico ou profesional.
- g) Ao tempo imprescindible para recibir asistencia sanitaria, debendo de xustificarse adecuadamente o tempo de permanencia. O/a traballador/a terá dereito ao cobro dos pluses polo tempo que xustifique de permanencia en consulta.
- h) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal.
- i) Un día para a renovación do permiso de conducir.
- j) Un día para a renovación do D.I.
- k) Un día para o recoñecemento médico anual.

ARTIGO 10.-SALARIO BASE.

O salario base é o que se establece para cada posto de traballo de referencia na táboa salarial anexa. O salario base devengarase por día natural.

ARTIGO 11- ANTIGÜIDADE.

O complemento persoal por antigüidade consistirá en TRES BIENIOS do 5% do salario base e posteriores QUINQUENIOS do 7% do salario base.

ARTIGO 12.-PAGAS EXTRAORDINARIAS.

Todo traballador/a afectado polo presente convenio terá dereito a percibir 2 pagas extraordinarias cuxo importe será segundo táboa salarial anexa, ou a parte proporcional ao tempo traballado segundo o seu período de devengo. Estas pagas denominaranse de VERÁN e NADAL.

A paga de Verán devengarase proporcionalmente ao tempo traballado no primeiro semestre e farase efectiva como máximo o día 20 de xullo.

A paga de Nadal devengarase proporcionalmente ao tempo traballado no segundo semestre e farase efectiva como máximo o día 20 de decembro.

ARTIGO 13.-PARTICIPACIÓN NOS BENEFICIOS.

Coa nómina do mes de febreiro percibirase unha gratificación por participación nos beneficios consistente na cantidade que figura na táboa salarial anexa.

Devengarase do día 1 de xaneiro ao 31 de decembro, proporcionalmente ao tempo traballado.

ARTIGO 14.-PLUS DE ACTIVIDADE.

Percibirase para cada posto de traballo de referencia, segundo a táboa salarial anexa e por día efectivo de traballo.

ARTIGO 15.-PLUS DE TRANSPORTE E DISTANCIA.

Por día efectivo de traballo percibirase o complemento denominado plus de transporte e distancia, na contía establecida na táboa salarial anexa.

ARTIGO 16.-PLUS DE NOCTURNIDADE.

O/a traballador/a que realice a súa xornada de traballo entre as 22.00 e as 6.00 horas, percibirá en concepto de nocturnidade a cantidade establecida na táboa salarial anexa, por xornada efectivamente traballada.

ARTIGO 17.-PLUS TÓXICO, PENOSO E PERIGOSO.

Pola excepcional toxicidade, penosidade e perigo que concorre en determinados postos de traballo percibirase un plus na contía establecida na táboa salarial anexa, por xornada efectivamente traballada. Abonase a parte proporcional no que exceda de 8 horas.

Percibirase o plus nos seguintes traballos:

- Limpeza interior do silo de cinzas.
- Conduto de gases de saída e circulación.
- Limpeza interior de caldeira.
- Manta e alimentadores.
- Colectores e rrecipitadores.
- Precalentadores.

Así como en todos aqueles que legalmente se determine o dereito á súa percepción.

ARTIGO 18.-PLUS DE INSTRUMENTACIÓN.

O persoal que realice traballos de instrumentación percibirá por cada xornada de traballo un plus que será equiparable ao plus de pistola.

ARTIGO 19.-PLUS DE CENTRAL.

Percibirase para cada posto de traballo de referencia, segundo táboa salarial anexa e por día efectivo de traballo.

ARTIGO 20.-PLUS DE PISTOLA.

Por día efectivamente traballado con pistola de auga a presión percibirase un plus segundo táboa salarial anexa.

O seguintes traballos equiparanse, a efectos económicos, ao manexo de pistola de auga a presión:

- Aspirado de caldeira.
- Aspirado con equipo "Munkebo".
- Pistoleado con hidrolimpadora de presión.
- Medidas de caudais de carbón pulverizado.

ARTIGO 21.-PLUS DE VARREDORA E OUTROS PLUSES.

Os peóns que manexen varredoras automóbiles percibirán por día efectivo de traballo no devandito posto un plus segundo táboa salarial anexa.

Os traballos realizados nos postos denominados, planta 2 de trituración, pozo de trituración, galerías (dende trituración a planta 6, e dende trituración a separación magnética), varanda de control, gorros chineses de cinza e cintas transversais do parque de carbóns, devengarán un plus por día traballado segundo táboa salarial anexa.

Pola excepcional toxicidade, o plus devengado na planta 6, será segundo táboa salarial anexa, por día traballado.

ARTIGO 22.-TRABALLOS ESPECIAIS E PARADAS PROGRAMADAS.

22.1. CALDEIRAS. Os traballos especiais de caldeira realizaranse sen interrupción en dúas quendas de traballo diarias. Pola limpeza interior da caldeira completa, percibirase unha prima segundo táboa salarial anexa, ou a parte proporcional ao tempo traballado na devandita limpeza. Independentemente percibirase o plus de tóxico, penoso e perigoso.

22.2. CHEMINEAS. Establécese unha prima na contía segundo táboa salarial anexa por todos os conceptos. Se a limpeza se realizase fóra da xornada ordinaria, pagaranse as horas extras que correspondan.

22.3. MANTA E ALIMENTADORES. Establécese unha prima na contía segundo táboa salarial anexa por operario e servizo completo.

22.4. COLECTORES E CONDUTOS DE GASES DE SAÍDA E CIRCULACIÓN. Establécese unha prima na contía segundo táboa salarial anexa por todos os conceptos. No caso dos condutos a prima será por día completo traballado.

22.5. PRECIPITADORES. Establécese unha prima na contía establecida na táboa salarial anexa, por liña completa realizada.

ARTIGO 23.-HORAS EXTRAORDINARIAS.

23.4. Horas extraordinarias habituais: supresión.

23.5. Horas extraordinarias esixidas pola necesidade de reparar sinistros ou outros danos de carácter extraordinario e urxente: realización.

23.6. Horas extraordinarias estruturais e as necesarias por ausencias imprevistas: realización a condición de que non sexa posible a substitución das mesmas por contratacións temporais previstas na lexislación vixente.

23.7. As horas extras abonaranse segundo táboa salarial anexa, podendo compensarse a razón de 1 día de descanso por cada 5 horas extras realizadas.

23.8. As horas extras en sábado, domingo ou festivo abonaranse segundo táboa salarial anexa, podendo compensarse a razón de 1 día de descanso por cada 4 horas realizadas.

En caso de ser chamado para a realización de horas extraordinarias, abonaranse un mínimo de 3 horas.

Mensualmente informarase ao representante sindical cunha relación nominativa das horas extraordinarias realizadas.

ARTIGO 24.-AXUDA DE COMIDA.

En concepto de suplidos establécese, durante a vixencia do presente convenio, unha axuda de comida segundo táboa salarial anexa, por día traballado, para o persoal en xornada partida.

En caso de seguir realizando traballos logo da xornada laboral, abonarase esta axuda. Non se abonará dita axuda de comida cando:

- Sexa período de PARADA.
- Sexa sábado, domingo ou festivo, se se abona a hora de comida como hora extra.
- Sexa día laboral, e se chame ao persoal operario ao seu domicilio para realizar traballos extraordinarios.

ARTIGO 25.-DIETAS.

O importe das dietas, durante a vixencia do presente convenio, será segundo táboa anexa.

ARTIGO 26.-PAGO DE SALARIOS.

Os salarios serán abonados nos dez primeiros días do mes, dispoñendo o/a traballador/a dunha hora de permiso para cobrar, sempre que o pago se realice por cheque ou transferencia bancaria.

ARTIGO 27.-ORGANIZACIÓN DO TRABALLO.

Tendo en conta a obrigatoriedade da empresa de realizar todos os traballos establecidos nos contratos subscritos con ENDESA para a limpeza industrial na CENTRAL TÉRMICA, en particular os que merecen especial mención no artigo 22, e a adscrición do persoal afectado polo presente convenio aos mesmos, convense a execucion, aínda fóra da xornada normal de traballo.

A realización dos traballos fóra da xornada ordinaria de traballo farase con persoal voluntario dentro de cada posto de traballo de referencia e especialidade, completando con traballadores/as de libre designación cando os/as voluntarios/as non fosen suficientes.

As partes comprométese para que, tanto dentro da voluntariedade como na designación, se rote entre todos os/as traballadores/as salvando as diferenzas propias de posto de traballo de referencia e profesión.

A empresa, sen prexuízo da capacidade de organización que lle é propia, procurará rotar aos traballadores/as por todos os postos de traballo equivalentes ao seu propio.

ARTIGO 28.-TRABALLOS DE SUPERIOR GRUPO PROFESIONAL.

Todo traballador/a que realice traballos de superior grupo profesional por espazo de CATRO meses consecutivos ou SEIS alternos nun período dun ano, consolidará a retribución económica do devandito posto.

ARTIGO 29.-PROMOCIÓN.

A empresa realizará cursos de formación e perfeccionamento do persoal, organizando os mesmos a través dos representantes dos/as traballadores/as. Estes cursos, no caso de ser superados, servirán de mérito para valorar ascensos.

Independentemente do anterior, a empresa virá obrigada a convocar prazas de ascenso, cando existan vacantes, mantendo unha relación porcentual entre os diferentes postos de traballo de referencia. Acórdase crear unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes negociadoras do convenio, para, conxuntamente definir porcentaxes.

ARTIGO 30.-SEGURO COLECTIVO.

A empresa subscribirá unha póliza de accidentes coa seguinte cobertura:

- Por falecemento derivado de accidente laboral ou enfermidade profesional.
- Por incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez derivada de accidente laboral ou enfermidade profesional.

Os capitais asegurados serán os establecidos na táboa anexa.

A empresa, no prazo dun mes a contar dende a firma do presente convenio, actualizará as pólizas de referencia.

ARTIGO 31.-ANTICIPOS.

Todo traballador/a terá dereito a percibir anticipos a conta do traballo realizado, podendo chegar ata o 90% do salario mensual devengado. Considéranse datas hábiles para a súa solicitude os días 15 ao 20 de cada mes, debendo solicitarse con, polo menos, un día laborable de antelación.

ARTIGO 32.-INCAPACIDADES.

32.1.-Abono da incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente de traballo:

- En caso de I.T. por enfermidade común, a empresa complementará as prestacións ata o 100%, a partir do 8.º día, dos seguintes conceptos: salario base, antigüidade, plus de actividade, plus de central, pagas extraordinarias e de participación en beneficios.

O complemento surtirá efectos sempre que as ausencias por I.T. do conxunto dos traballadores, non superen o 3% da xornada anual, en caso contrario o complemento aplicarase a partir do 15.º día de baixa.

- No suposto de baixa por Accidente de Traballo ou Enfermidade Profesional, darase o mesmo tratamento dende o primeiro día, pero respectando, en todo caso, as condicións máis favorables economicamente, se a achega da Seguridade Social supera a garantía anterior. Este mesmo criterio aplicarase nos casos de baixa con hospitalización, namentres permaneza internado.

32.2.–Incapacidade permanente.

O persoal que cause baixa na empresa por incapacidade permanente, total ou absoluta, será substituído por outro/a traballador/a co mesmo carácter.

ARTIGO 33.–ROUPA DE TRABALLO.

A empresa facilitará a todos os/as traballadores/as dende o primeiro día de traballo, as pezas de protección e hixiene necesarias. A cada traballador/a faráselle entrega de:

- Chaqueta de auga acolchada: anual. A entregar no mes de outubro.
- Un traxe de faena: anual. A entregar no mes de xullo
- Dúas fundas: anual. A entregar no mes de febreiro.
- Dúas toallas de baño: anual. A entregar no mes de febreiro.
- Un par de botas de seguridade, cada seis meses. A entregar nos meses de febreiro e xullo.
- Un polo de verán: anual. A entregar no mes de xullo.
- Dous botes de xel de baño de 750 ml.: anual. A entregar no mes de febreiro.

Así mesmo entregarase unha funda a cada traballador/a que realice unha caldeira completa.

Queda expresamente prohibido o uso de prendas que non foran facilitadas pola empresa. O incumprimento desta norma será obxecto de sanción cualificada como leve.

ARTIGO 34.–XUBILACIÓN.

Empresa e traballadores/as poderán pactar, previa existencia de común acordo, xubilacións parciais conforme ao disposto na lexislación vixente.

O traballador ou traballadora interesado deberá comunicarllo á empresa cunha antelación mínima de seis meses á data na que pretenda xubilarse.

Establécese un premio por XUBILACIÓN ANTICIPADA para os/as traballadores/as cunha antigüidade mínima de SETE ANOS que decidan xubilarse voluntariamente, sempre que a xubilación supoña a amortización do posto de traballo, consistente no disfrute de vacacións coas seguintes duracións.

- Aos 60 anos: 3 meses
- Aos 61 anos: 3 meses
- Aos 62 anos: 2,5 meses
- Aos 63 anos: 2,5 meses
- Aos 64 anos: 2 meses

ARTIGO 35.–PRÉSTAMOS REINTEGRABLES.

O persoal fixo poderá solicitar da empresa a concesión de préstamos reintegrables.

Estes préstamos terán como finalidade axudar aos traballadores/as nos supostos de gastos imprevistos ou extraordinarios e para ese efecto dotarase un FONDO SOCIAL segundo táboa anexa.

Elaboraranse os criterios para a concesión destes, que terán un límite segundo táboa anexa por traballador/a.

Quedará a criterio da empresa a concesión ou non dos préstamos, así como o prazo de amortización, que non poderá superar os dous anos.

ARTIGO 36.-GARANTÍAS SINDICAIS.

Os/as delegados/as de persoal e ou membros do comité de empresa disporán da reserva de horas mensuais que establezan as leis para o desenvolvemento das súas funcións de representación.

As horas poderán acumularse nun ou en varios membros, non computándose dentro do crédito horario as investidas na negociación do convenio ou a petición da empresa.

ARTIGO 37.-COTA SINDICAL.

A empresa a petición dos/as traballadores/as afiliados/as a unha Central Sindical, descontará en nómina o importe da cota mensual de afiliación, que será posta a disposición das centrais sindicais. A solicitude será por escrito e permanecerá vixente en tanto non se comunique o contrario.

ARTIGO 38.-ASEMBLEAS.

Os/as traballadores/as disporán dun máximo de 5 horas ao ano para asembleas, dúas das cales non poderán coincidir en ningún caso en xoves ou venres.

ARTIGO 39.-EMPREGO.

Sempre que se manteña a actual carga de traballo derivada da relación contractual con ENDESA para a limpeza industrial da central térmica, garantíranse "ad personam" o emprego ao persoal procedente de FCC, durante a vixencia do presente convenio.

En todo caso, a empresa comprométese a empregar os mecanismos establecidos no Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro de 2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

ARTIGO 40.-INCREMENTO SALARIAL.

O incremento salarial para os dous anos de vixencia é o seguinte:

- Ano 2016: 1,5%.
- Ano 2017: 1,30%.

Cláusula de revisión salarial: Sempre que o IPC real do ano 2016 ou 2017 sexa superior ao 1,50% e ao 1,30% respectivamente, farase unha revisión salarial da diferenza con carácter retroactivo, que terá efectos dende o 1 de xaneiro do ano que supere o IPC real o 1,50% e o 1,30%, respectivamente.

ARTIGO 41.-SEGURIDADE E HIXIENE.

En materia de prevención de riscos e saúde laboral estarase ao disposto na legislación vixente.

ARTIGO 42.-CONDICIÓNS MÁIS BENEFICIOSAS.

Os/as traballadores/as que con anterioridade ao presente convenio, viñesen gozando de mellores condicións consideradas no seu conxunto en cómputo anual que as aquí pactadas, conservarán as mesmas.

ARTIGO 43.-CLASIFICACIÓN PROFESIONAL.

Os/as traballadores/as afectados/as polo presente convenio serán clasificados en grupos profesionais conforme ao regulado no capítulo VII do convenio colectivo sectorial de limpeza de edificios e locais de ámbito estatal (BOE do 23 de maio de 2013), sen prexuízo de establecerse os salarios para os distintos postos de traballo de referencia existentes no centro de traballo.

CLÁUSULA ADICIONAL PRIMEIRA

Para o non previsto no presente convenio estarase ao disposto no convenio colectivo de "LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS" de A Coruña.

CLÁUSULA ADICIONAL SEGUNDA

Os atrasos que se deriven da aplicación do presente convenio serán satisfeitos no prazo dun mes contado a partir da publicación no DOG.

CLÁUSULA ADICIONAL TERCEIRA

No suposto de negociarse e que se chegue a asinar un convenio colectivo das empresas auxiliares de ENDESA-AS PONTES, no que participe na comisión negociadora a parte empresarial de JOFRASA, producirase a adhesión ao mesmo, sempre que así o decida a asemblea de traballadores/as deste centro de traballo, respectándose as condicións máis beneficiosas que a xuízo dos/as traballadores/as existan no actual convenio.

TÁBOA SALARIAL ANO 2016 (PROVISIONAL)

CONCEPTOS	ENCARGADO GRUPO III	XEFE EQUIPO GRUPO III	OFICIAL 1.º GRUPO IV	OFICIAL 2.º GRUPO IV	PEÓN ESPECIAL GRUPO IV	PEÓN ORDINARIO GRUPO IV
Salario base	34,42	33,01	33,01	31,87	30,71	29,54
Plus de actividade	15,62	15,62	15,62	15,62	15,62	15,62
Plus distancia e transporte	8,77	8,77	8,77	8,77	8,77	8,77
Plus central		4,82	4,82	4,82	4,82	4,82
Paga extra		1.004,68	1.004,68	1.004,68	1.004,68	1.004,68
Paga beneficios		1.004,68	1.004,68	1.004,68	1.004,68	1.004,68
Retén fin de semana		36,18	36,18	36,18	36,18	36,18
Plus nocturno		9,70	9,70	9,70	9,70	9,70
Plus tóxico e perigoso		18,53	18,53	18,53	18,53	18,53
Plus pistola presión/instrument.		5,20	5,20	5,20	5,20	5,20
Plus varredora					3,31	3,31
Plus trituración-art. 21		2,17	2,17	2,17	2,17	2,17
Plus pranta 6		3,35	3,35	3,35	3,35	3,35
Prima caldeira		694,83	694,83	694,83	694,83	694,83
Prima cheminea		81,09	81,09	81,09	81,09	81,09
Prima manta e alimentadores		27,80	27,80	27,80	27,80	27,80
Prima traballos art. 22.4		71,35	71,35	71,35	71,35	71,35
Prima precipitadores		106,89	106,89	106,89	106,89	106,89
Axuda comida		9,03	9,03	9,03	9,03	9,03
Hora extra		12,55	12,55	12,55	12,55	12,55
Hora festiva		15,68	15,68	15,68	15,68	15,68

XUBILACIÓN ANTICIPADA, VACACIÓNS		DIETAS			
Aos 60 anos	3 meses	Dieta completa		55,24	
Aos 61 anos	3 meses	Xantar-cea		33,14	
Aos 62 anos	2,5 meses	Xantar ou cea		18,64	
Aos 63 anos	2,5 meses				
Aos 64 anos	2 meses				
PRÉSTAMOS		SEGURO DE ACCIDENTES			
Fondo	25.868,71	Falecemento		38.909,67	
Importe	1.622,23	Invalidez permanente		44.468,19	

TÁBOA SALARIAL ANO 2017 (PROVISIONAL)

CONCEPTOS	ENCARGADO GRUPO III	XEFE EQUIPO GRUPO III	OFICIAL 1.ª GRUPO IV	OFICIAL 2.ª GRUPO IV	PEÓN ESPECIAL GRUPO IV	PEÓN ORDINARIO GRUPO IV
Salario base	34,87	33,44	33,44	32,28	31,11	29,92
Plus de actividade	15,82	15,82	15,82	15,82	15,48	15,48
Plus distancia e transporte	8,88	8,88	8,88	8,88	8,88	8,88
Plus central		4,88	4,88	4,88	4,88	4,88
Paga extra		1.017,74	1.017,74	1.017,74	1.017,74	1.017,74
Paga beneficios		1.017,74	1.017,74	1.017,74	1.017,74	1.017,74
Retén fin de semana		36,65	36,65	36,65	36,65	36,65
Plus nocturno		9,83	9,83	9,83	9,83	9,83
Plus tóxico e perigoso		18,77	18,77	18,77	18,77	18,77
Plus pistola presión/instrument.		5,27	5,27	5,27	5,27	5,27
Plus varredora					3,35	3,35
Plus trituración-art. 21		2,20	2,20	2,20	2,20	2,20
Plus pranta 6		3,39	3,39	3,39	3,39	3,39
Prima caldeira		703,86	703,86	703,86	703,86	703,86
Prima cheminea		82,14	82,14	82,14	82,14	82,14
Prima manta e alimentadores		28,16	28,16	28,16	28,16	28,16
Prima traballos art. 22.4		72,28	72,28	72,28	72,28	72,28
Prima precipitadores		108,28	108,28	108,28	108,28	108,28
Axuda comida		9,15	9,15	9,15	9,15	9,15
Hora extra		12,71	12,71	12,71	12,71	12,71
Hora festiva		15,88	15,88	15,88	15,88	15,88

XUBILACIÓN ANTICIPADA, VACACIÓNS		DIETAS	
Aos 60 anos	3 meses	Dieta completa	55,96
Aos 61 anos	3 meses	Xantar-cea	33,57
Aos 62 anos	2,5 meses	Xantar ou cea	18,88
Aos 63 anos	2,5 meses		
Aos 64 anos	2 meses		
PRÉSTAMOS		SEGURO DE ACCIDENTES	
Fondo	26.205,00	Falecemento	39.415,50
Importe	1.643,32	Invalidez permanente	45.046,28